

ACTA DE REUNIÓN DO COMITÉ AMBIENTAL “GREEN CAMPUS” FEE

Día: 23/03/21.

Lugar: MS Teams.

Hora inicio: 18.37.

Orde do día:

1. Informe dos coordinadores.
2. Inicio das discusións sobre a Declaración do Compromiso Ambiental.
3. Revisión do estado das accións que cada equipo está a realizar.
4. Aprobación do Plan de Acción do centro.
5. Rolda aberta de intervencións.

ASISTENTES

Susana Iglesias	José López
América Álvarez	Noelia Salido
Amalia Blanco	Dolores Lagoa
Seda Nikoghosyan	José María Losada
Irina Puerto	Carlota Balsa
Amalia Blanco	Paulino Montes
Benito Pérez	Belén Bocija
Emilia García	Manuel Gómez (Decano FEE)
Laura Varela	Manuel Soto (Director OMA)
María Jesús Rodríguez	Carmen Fernández (ADEAC)
Ángeles Longarela	Iván López (coord. Green Campus)
María Alló	Estefanía Mourelle (coord. Green Campus)

1. Informe dos coordinadores

Iván López, coordinador do Programa Green Campus na Facultade de Economía e Empresa, indica que o pasado día tres de marzo se realizou unha presentación do Programa Green Campus no noso centro dentro do seminarios cuadrimestrais que organiza o PAT da nosa facultade. A presentación fixérona os coordinadores do Programa e foi realizada a través de Teams. A asistencia foi satisfactoria e agardamos repetir en vindeiras ocasións.

Igualmente, dase a benvida a unha nova incorporación ao Comité Ambiental, unha estudante (Belén Bocija). Tamén entra neste momento unha convidada a esta reunión, que é Carmen Fernández, por parte de ADEAC.

2. Inicio das discusións sobre a Declaración do Compromiso Ambiental.

Iván López comenta que se está a elaborar a Declaración Ambiental do centro, un dos requisitos dentro do Programa Green Campus, e se presentará ao Comité en canto esté preparada.

3. Revisión do estado das accións que cada equipo está a realizar.

Comézase a revisión do estado actual do Plan de Acción. Na convocatoria de reunión se fixo a seguinte comunicación:

Cada equipo deberá expor brevemente a situación na se atopan as líneas de actuación do seu plan de acción, indicando en particular aquelas que xa estén rematadas e, dentro das que non o están, sinalar o actual grao de cumprimento.

Compártese no MS Teams un arquivo para ir facendo un seguimento do plan de acción desagregado por grupos. Comeza o equipo 8 de Compra Verde. Indícase que na acción 8.1 deben eliminar o comentario sobre o orzamento e se lles pide que comprobemos se o papel dos dispensadores dos baños é reciclable ou non, pois temos dúbidas. Sobre a acción 8.2, sinálase que as luces LED se empregan nas zonas comúns e que se debe fomentar o LED; onde non haxa LED, debe reducirse o uso de tubos fluorescentes, optimizar o encendido de luces, etc.

Continúa o equipo 6 de Alimentación Saudable, para o cal, en relación á acción 6.1, indican que a idea é lanzar a enquisa sobre alimentación saudable no centro o máis pronto posible. Manuel Soto, director da OMA, suxire que antes contacten con Verónica Torrijos, da OMA, para que realice unha valoración e lles orienten en varias cuestións relativas á enquisa. Sobre a acción 6.2, debe pensarse se se debe enfatizar o hábito da alimentación saudable doutras formas, como a través de redes sociais e non en tanta medida polas vías tradicionais, como a cartelería. Coméntase que é boa idea publicar os resultados da enquisa conxuntamente coa difusión da oferta de opcións saudables na cafetería. Igualmente se fala de remitir un escrito á Reitoría en relación ao asunto das opcións saudables. En relación á acción 6.3, fálase de que Víctor Lama, membro do Comité Ambiental e experto en alimentación saudable, imparta un seminario enmarcado no seo do PAT do centro, polo que se queda en que contacte coa coordinadora do PAT, M^a Jesús Rodríguez Gulías. Engádesse como acción a levar a cabo no futuro traer unha foodtruck saudable ao parking do centro, por exemplo. Sinálase que no plan de acción se cambie “Organización dalgún evento”. Por último, a acción que plantexaba engadir criterios de alimentación saudable nas máquinas vending foi adiada.

O seguinte equipo é o 3, centrado nos residuos electrónicos. Indícase que se colocarán tanto carteles físicos como dixitais en relación á recollida deste tipo de residuos. Ábrese un debate sobre esta dobre tipoloxía de carteis e sobre se poñer un cartel único en vez de varios. Tamén se fala do tamaño dos carteis, indicándose que o prezo é de seis euros por 12 A3 e de 30 euros por 12 A2. Iván López envía a Paulino e Noelia exemplos de carteis. Coméntase que o procedemento de recollida de residuos electrónicos está centralizado na Conserxería do centro. Sobre a última acción, a número 3.4, matízase que é mellor non empregar o concepto “inventariar” e falar de “aparatos ou elementos reconstituídos”.

O seguinte equipo é o 10, de Ambientalización Curricular, que comparte unha presentación na plataforma coas súas líneas de acción, amosando que se atopan practicamente rematadas, salvo a 10.2, dado que nalgún mestrado non hai opción de incluír TFMs de temática medioambiental. Propoñen unha serie de actividades como “líneas de futuro” que se acorda deixar como propostas aprazadas, debido a que neste momento é prioritario centrarse nas xa avanzadas coa fin de completalas. En relación co anterior, acórdase denominar como “Aprazadas” ás anteriormente denominadas propostas “Abandoadas”.

A continuación intervén o equipo 9, de Voluntariado. Nesta área temática destácase que o espazo adicado ao Green Campus na páxina web da Facultade podería estar mellor optimizado. Tamén se fala de reforzar a canle das redes sociais como modo de difusión da información, co Instagram do PAT e o Facebook da Biblioteca da Facultade, por exemplo. Deste xeito,

prácticamente todas as accións deste equipo están rematadas. Queda como acción futura o concurso do logo do Green Campus do centro.

O equipo 1, de Auga e Enerxía, indican que o informe sobre consumos destes recursos no centro xa está elaborado (acción 1.1). A acción 1.2, que versa sobre a divulgación do anterior informe á comunidade universitaria, xa está orientada. Sobre a difusión, coméntase que fai falla unha cartelería máis homoxénea. Debátese se todos os grupos deben centralizar os carteis, mais ao final se opta porque cada un realice os seus propios. Sobre a acción 1.3 se nos indica que, en canto aos medidores de electricidade nas aulas, se precisarían en principio cinco, cun custo de 15 euros por equipo.

En relación ao equipo 2, de Residuos, coméntase que os contedores para a recollida selectiva do lixo se traerán dende a OMA; considérase que podería ser excesivo o número estimado deles a colocar. A idea é instalar as illas de separación de residuos (acción 2.1 e 2.2) e, a continuación, impartir charlas sobre a recollida de lixo (modelo Nostián), a acción 2.5. Tamén se comenta que a estación de compost está en marcha. En relación á acción 2.4 sobre o uso de papel e plástico nos TFGs e TFM, xa estaría rematada.

Por último, o equipo 5, de Mobilidade, comenta que se enviaron solicitudes por correo electrónico aos organismos competentes, etc. instando a atender as peticións sobre mobilidade sustentable reflectidas no Plan de Acción. Iván López insta a que formulen unhas solicitudes máis formais. Asimesmo, comunica a recepción dos orzamentos para as acción das taquillas e para aparcamento de medios de transporte unipersoais (bicicleta, patinetes, etc.), porén o seu custo é moi elevado, polo que de momento se decide aprazar esta acción e se considera mellor centrar a atención en resolver as cuestións xa en marcha. Respecto á acción 5.6 (potenciar uso escaleiras), sí se considera asumible o custo de 50 euros pola compra das pegatinas a ubicar nas escaleiras.

4. Aprobación do Plan de Acción do centro.

Incorpóranse os cambios do punto anterior ao Plan de Acción agregado do centro e se somete a aprobación, quedando aprobado por asentimento. Sinálase que nos vindeiros días o Plan de Acción difundirase na páxina web do centro.

5. Rolda aberta de intervencións

Non hai.

Hora fin: 22.00.

Asinado: Estefanía Mourelle (actúa como secretaria na reunión)

TEXTO - ENVÍO DE CONVOCATORIA

De: Comité Ambiental da Facultade de Economía e Empresa

Enviado: viernes, 12 de marzo de 2021 7:41

Para: franpardo8@gmail.com <franpardo8@gmail.com>; victor.lama <victor.lama@fogardosantiso.es>; Ana Baneira Suárez <ana.baneira.suarez@udc.es>; Laura Carregal Castro <laura.carregal.castro@udc.es>; Alberto Manuel Castedo Pernas <alberto.castedop@udc.es>; amcastedo.pernas@gmail.com <amcastedo.pernas@gmail.com>; Nuria Fernández Hadi <nuria.fernandezh@udc.es>; dmrp95@hotmail.com <dmrp95@hotmail.com>; Rubén Vázquez Doval <r.doval@udc.es>; Iria Vázquez Pillado <iria.vazquez.pillado@udc.es>; Irina Puerto Alvarez <irina.puerto@udc.es>; Laura Otero Lombán <laura.otero2@udc.es>; Natalia Moura Fariña <natalia.moura.farina@udc.es>; Seda Nikoghosyan Tumanyan <seda.nikoghosyan@udc.es>; Brais Campos Canosa <brais.camposc@udc.es>; Óscar Martínez Díaz <oscar.martinez2@udc.es>; Jhon Gomez Llanos <jhon.gomezl@udc.es>; marta.pastoriza.costas@gmail.com <marta.pastoriza.costas@gmail.com>; yagobf@gmail.com <yagobf@gmail.com>; Sabela Siaba Casais <sabela.siabac@udc.es>; Carlota María Balsa Sánchez <carlota.balsa@udc.es>; María Elena Fernández Calvo <elena.fernandezc@udc.es>; Patricio Parada Robles <patricio.parada@udc.es>; María José Parga Massa <maria.parga@udc.es>; María Alló Pazos <maria.allo.pazos@udc.es>; María América Álvarez Domínguez <america.alvarez@udc.es>; Amalia Blanco Louro <amalia.blanco.louro@udc.es>; Fernando De Llano Paz <fernando.de.llano.paz@udc.es>; María Carmen Gago Cortés <m.gago@udc.es>; María Teresa García Álvarez <teresa.galvarez@udc.es>; Emilia Luísa García Arthus <emilia.garcia.arthus@udc.es>; Susana Iglesias Antelo <susana.iglesias.antelo@udc.es>; Eva-María Lado González <eva.lado@udc.es>; María Dolores Lagoa Varela <dolores.lagoa@udc.es>; Ángeles María Longarela Ares <angeles.maria.longarela.ares@udc.es>; chemaudc <chemaudc@gmail.com>; Paulino Montes Solla <paulino.montes.solla@udc.es>; José Benito Pérez López <benito.perez@udc.es>; Gustavo Rego Veiga <gustavo.rego@udc.es>; Noelia Salido Andrés <noelia.sandres@udc.es>; Laura Varela Candamio <laura.varela.candamio@udc.es>; Fernando Pedro Bruna Quintas <f.bruna@udc.es>; María Jesús Rodríguez Gulías <maria.gulias@udc.es>; Iván López Martínez <ivan.lopezm@udc.es>; Estefanía Mourelle Espasandín <estefania.mourelle@udc.es>; Belén Bocija Bennett <belen.bbennett@udc.es>

Asunto: Convocatoria reunión Comité Ambiental

Estimados membros do Comité Ambiental

Convocámosvos á reunión do Comité Ambiental do Green Campus da FEE que terá lugar o martes 23 de marzo ás 18.30 a través de MS Teams dentro do noso equipo, coa seguinte orde do día:

1. Informe dos coordinadores.
2. Inicio das discusións sobre a Declaración do Compromiso Ambiental.
3. Revisión do estado das accións que cada equipo está a realizar (*) (**).
4. Aprobación do Plan de Acción do centro.
5. Rolda aberta de intervencións.

(*) Cada equipo deberá expor brevemente a situación na se atopan as líneas de actuación do seu plan de acción, indicando en particular aquelas que xa estén rematadas e, dentro das que non o están, sinalar o actual grao de cumprimento.

(**) Os equipos con cuestións relevantes pendentes, como por exemplo a determinación de orzamentos para accións, deberán telas xa previstas para o día da reunión.

Dada a especial transcendencia da reunión (lebrade a proximidade das datas límite indicadas no plan de acción - mes de abril), agradeceríase a asistencia do máximo número posible de membros de cada equipo.

Recibide un cordial saúdo.

Iván López
Estefanía Mourelle
Coordinadores Green Campus FEE

Programa Green Campus da FEE